



## INFORMACIÓN PARA OS CASOS ASINTOMÁTICOS DIAGNOSTICADOS DA GRIPE AVIARIA EN ILLAMENTO NO SEU DOMICILIO

Permanecerá en illamento no seu domicilio e cumprirá estas indicacións ata que pasen **7 días dende a realización da súa proba diagnóstica**.

### INSTRUCCIÓN PARA UN CORRECTO ILLAMENTO DOMICILIARIO:

- **Quede no seu cuarto e non o deixe.** Se ten que saír do cuarto e vive con outras persoas, avise de que vai saír, poña unha **máscara cirúrxica** e mantéñase afastado das outras persoas a máis de 2 metros de distancia.
- **Non deberá recibir visitas innecesarias** mentres estea en illamento.
- A ser posible, **utilice un cuarto de baño só para vostede**. Se ten que compartilo, límpelo e desinfécteo ben despois de usalo con hipoclorito sódico (lixivia) de uso doméstico a unha concentración do 0,1% (de empregarse lixivia doméstica, a dilución sería 1:50 posto que normalmente está a unha concentración inicial do 5%).
- **Non comparta ningún artigo**, utensilio ou roupa do fogar con outras persoas. Unha vez se limpe, con lixivia se é posible ou con auga quente e xabón se non, poderá facerse un uso normal deles. A roupa lávela con auga quente a 60 grados e deterxente.
- **Manteña sempre unha boa hixiene** respiratoria, cubra a boca e o nariz cun pano de papel cando se sone o nariz, tusa, esbirre. De non ter a man o pano fágao contra o cóbado. Tire o pano no cubo que debe ter no seu cuarto.
- **Lave con frecuencia as mans con auga e xabón** e sempre despois de sonarse o nariz, tusir ou esbirrar.
- Debe **evitar o contacto con mascotas e outros animais**. Se no pode evitar este contacto, use máscara cirúrxica e lave as mans antes e despois de interactuar cos animais. Se fose necesario, os animais poderán saír do domicilio en períodos de tempo cortos, con correa, bozo e evitando o contacto con outros animais.
- **Vixie a aparición de síntomas** compatibles con gripe humana de orixe aviaria: tose, febre ou sensación febril, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, dificultade para respirar ou sensación de falta de aire, diarrea, conxuntivite ou fatiga.
  - No caso de comezar con síntomas leves pónase en contacto telefónico coa **Sección Epidemiolóxica da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade** correspondente (ver rodapé) indicando que é un caso de gripe aviaria para que xestione o seu traslado á hospital. No caso de síntomas graves, chame directamente ao **061**.